



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical Telefónica – A Coruña  
Teléfono 981183969 – Fax 981183679  
Email coruna@cigtelefonica.com  
www.cigtelefonica.com

## **Comité Provincial Seguridade Saúde Nº 334 - 17 de xullo de 2008**

**1.- Actas:** Asíñase a acta 333 da reunión anterior.

**2.- Accidentes:** En Telefónica houbo 6 accidentes "in-itinere" (3 con baixa e outros 3 sen baixa) durante o mes de maio, en xuño non houbo accidentes. Nas contratatas houbo dous accidentes, unha caída dunha escada nun RP e unha queimadura ao levantar unha acometida.

### **3.- Comentarios Actas CCSS, Subcomisión de Incendios e Grupo de denuncias Edificios, Escadas e Planta Exterior:**

Sobre a Comisión de Incendios coméntase a acta 01/2008 e destácase o seguinte: Obturación de ocos, hai previsto un presuposto para estas obras para tentar cumprir o compromiso anual. Sobre os Plans de Emerxencias coméntase que se reedita o de Riazor. Sobre os Simulacros de Evacuación realizáronse dous, un en Hércules e outro en Riazor.

En ausencia da Técnica de Prevención é o Presidente quen fai un resumo das Actas do CCSS 385 e 386.

Sobre o Grupo de denuncias indicar que se pecharon un 67% dos puntos presentados, a área que ten máis deficiencias abertas é inmobiliario cun total de 23. Sobre as revisións das escadas coméntase que aínda están sen revisar as deste primeiro semestre.

**4.- Puntos Pendentes:** Indicamos os máis importantes dos que se fala na reunión:

- Alumeado de emerxencia en edificios: acometeranse obras en Muros, Perillo e Ordes, queda pendente aínda a obra de Inferniño.
- A cuberta provisional para actuacións no exterior que se estaba a probar non é operativa e polo tanto o responsable da área indica que de momento cando chove non se actúa.
- Avaliacións de Riscos: a reunión realizada foi breve e pouco resolutive polo que ben pouco se pode sacar en claro.
- Formación Equipo de Emerxencia de Vite: citarase ao responsable do edificio para a vindeira reunión, o presidente pídelles ao xefe de RRHH que lidere este tema xunto con Seguridade e Protección para trata de darlle solución.
- Cursos de formación: están solicitados varios cursos prácticos de extinción de incendios e de primeiros auxilios.
- Seguimento das Avaliacións de Riscos: están sen iniciar as do persoal de Hércules.
- Outros: pendente a obra dos servizos de Espiño, a barandiña de Betanzos está notificada a Móviles, segue mal o aire acondicionado de Espiño.

**4.- Puntos Novos:** Recollemos os máis importantes.

- Solicítase información sobre os cambios dos filtros do aire acondicionado en Hércules, e tamén sobre a obra da entrada en Montaña.
- Denúnciase que en Hércules unha porta de sectorización non ten "ollo de boi" e polo tanto hai perigo de golpear a alguén na súa apertura.
- Solicítanse fontes lava ollos nas salas de baterías das centrais grandes e un sistema de elevación de material ata o terrado na central de Montaña.
- Sobre o aire acondicionado tamén hai queixas no CNAI, o presidente informa que as medicións feitas están dentro de parámetros e o que se está a facer e tapar as saídas de aire, con todo seguirán buscando solucións que melloren a situación actual.